

Cara onde camiña América Latina?

Ernesto Carmona

Os destinos de América Latina e do Caribe sempre estiveron marcados polos designios de Estados Unidos, pero hoxe existe na rexión unha sorte de insubordinación crecente á vez que a influencia de Washington exhibe certa decadencia, acrecentada nestes cinco anos de goberno Bush. Pero o continente aínda está lonxe dunha postura de aberta rebeldía.

Hai síntomas claros dunha evidente perda de influencia estadounidense en varios gobernos da rexión, que van dende unha esquerda máis ou menos radical a unha dereita extrema, pasando por diversos matices claroscuros do centro. A excepción sería México e, na práctica, toda Centroamérica, onde El Salvador e Nicaragua aínda manteñen tropas en Iraq.

EEUU perdeu o control absoluto da Organización de Estados Americanos (OEA) que viña exercendo sen contrapeso dende a súa fundación en 1948. E o empantanamento da Área de Libre Comercio das Américas (ALCA), iniciativa lanzada por Bill Clinton en 1994, é outro indicio relevante do fracaso da política exterior estadounidense nesta parte do mundo. A vocación guerreira do actual presidente George W. Bush, tamén axudou a intensificar a desaprobación crecente ao país do Norte.

Decadencia do extremismo USA

Todo o que ocorra en EEUU repercute no patio traseiro de América Latina e o Caribe. Despois de gozar dunha breve unipolaridade, marcada polo “fin da guerra fría”, EEUU vén perdendo aceleradamente a súa influencia política nun mundo cada vez máis reticente ás opcións que dita Washington. O presidente estadounidense desgástase en fracaso tras fracaso, prisioneiro dun concepto militar-imperial da política exterior, influída por un turbio círculo de ideólogos-aventureiros.

“Os homes e mulleres do Presidente”, con personaxes como Richard Cheney, o ex xefe de Halliburton convertido en vicepresidente (con tanta influencia en Bush que moitos analistas o perciben como “o verdadeiro presidente”); a secretaria de Estado Condoleezza Rice; o secretario de Defensa Donald Rumsfeld; o asesor presidencial estrela Karl Rove; o ideólogo Paul Wolfowitz (agora no Banco Mundial); o avogado Lewis Libby (secretario de Cheney); e até o defenestrado Collin Powell, xa non se perciben como un “staff de estadistas”, senón como un feto de irresponsábeis ávidos de aventuras de poder e petróleo para o seu propio interese, e o das transnacionais como a corporación Halliburton.

Tampouco prospera no mundo a visión unilateral do terrorismo bushiano, erguida tralo triste episodio das torres de Nova York do 2001, e o suposto embate dun avión comercial sobre o Pentágono proclamado ese mesmo día, un episodio abondo cuestionado como feito real. Nunca houbo fotografía algunha que exhibise os restos dun avión no Pentágono, como ben apunta o xornalista francés Thierry Meyssan. Ralph Shoeman, Joe Viais, Gore Vidal, Michael Moore, e moitos outros, suxiren que a CIA “deixou facer” un atentado que mudou o mundo e ben puido evitarse. Fortalecen esa tese o pasado de Osama Bin Laden como colaborador de EEUU, e a incapacidade estadounidense para dar co seu paradoiro.

O abuso da mentira na política externa e doméstica tamén chimpan resultados adversos, deixando atrás os seus innegábeis réditos iniciais. Hoxe ningún cre que Iraq fabricase armas de destrución masiva. Tamén se soubo que “queimar” á axente CIA Valerie Plame foi unha intriga que saíu da secretaria do mesmísimo vicepresidente Cheney, en represalia pola postura adversa á guerra do seu marido, o embaixador Joseph Wilson. A súa man dereita, Lewis Libby, arríscase a ir ao cárcere, xunto con Rove, o máis eficaz deseñador das mentiras publicitarias de Bush.

Derrota tras derrota

Tamén caeu a máscara da xornalista Pulitzer Judith Miller, quen logrou enganar aos seus xefes do *New York Times* publicando mentira tras mentira e logrando pasar como “heroína” do periodismo. O bochorno salpicou a personaxes de España e América Latina, como Felipe González, Belisario Betancur, Jesús de Polanco, Gustavo Cisneiros, Juan Luis Cebrián e Jorge Castañeda que o 22 de outubro publicaron un custoso aviso no mesmo NYT titulado “¡Grazas Judith Miller!”, eloxiando a coraxe de non ceder ante o poder político. Tamén a Casa Branca perdeu a súa credibilidade. Así de simple.

Aínda que a cidadanía común de América Latina e o Caribe pense que o terrorismo abarca outras rexións do planeta, tamén está aprendendo a ler o duplo discurso de EEUU que, despois de fabricar grandes terroristas como Osama Bin Laden, protexe no seu territorio ao número un da rexión, o cubano Luis Posada Carriles, reclamado por Venezuela para xulgalo polo atentado a un DC 3, no que morreron 73 persoas nas proximidades de Barbados, en 1976. Venezuela reclámao simplemente porque fabricou a bomba en Caracas e máis tarde escapou do cárcere de San Juan de los Morros (ao sur de Caracas)... coa axuda de EEUU.

Unha grande derrota política de EEUU foi a unanimidade dos 22 países iberoamericanos participantes do XV Cumio de Salamanca que, en outubro 2005, reclamaron a extradición e a entrega á xustiza venezolana do terrorista Posada Carriles. Outra derrota notábel de Washington nese Cumio foi o pronunciamento unánime contra o bloqueo de 43 anos a Cuba.

A declaración de Salamanca lembrou que o XIV Cumio de Costa Rica pediu o xuízo deste suxeito e a outros tres criminais indultados pola ex presidenta panameña Mireya Moscoso, despois dun abortado plan para liquidar a Fidel Castro e a centos de estudantes durante o X Cumio do 2000. Posada Carriles atópase hoxe nunha dependencia migratoria de Estados Unidos, onde é tratado a “corpo de rei”, e está en marcha un proxecto para lle permitir vivir nese país, segundo o chanceler cubano Felipe Pérez Roque.

A natureza tamén fai o seu, co aumento da frecuencia, intensidade e alcance xeográfico dos furacáns, que coñecen o camiño cara ao Golfo de México, Florida e o sur dos EEUU. A deserción de Bush dos Protocolos de Kyoto, asinados polo seu antecesor Bill Clinton, favoreceu o cambio climático que comeza a causar dor nos mesmísimos EEUU. O furacán Katrina amosou como a imprevisión e os recortes orzamentais da administración Bush, tamén lle petan aos pobres do país do Norte, ao restrinxirse o diñeiro federal destinado a manter os diques e a seguridade de Nova Orleáns.

Aliñamento dos países

Claro que sopran outros ventos en América Latina e no Caribe, pero aínda non se avista ningún furacán. Con todo, son notábeis os avances das correntes progresistas contrarias ao modelo neoconservador de sociedade que se impuxo nos 70 e 80, a nivel de todo o planeta e en beneficio das grandes corporacións e intereses económicos dos países desenvolvidos. Agora falta que esas posturas críticas se expresen a través dos gobernos.

A aparición dun polo político e económico na Venezuela de Hugo Chávez irradia novas solucións rexionais, económicas e políticas, onde a forza do petróleo coaduxa ás ideas progresistas que sustenta ese goberno. A influencia enerxético-política de Caracas está a chegar máis ao sur, repasando o seu ámbito natural e histórico de Centroamérica e o Caribe. Constrúense refinarías binacionais en Arxentina; camíñase noutros numerosos proxectos de cooperación enerxética, con novas empresas como PetroSur, PetroCaribe e PetroAmérica; púxose en marcha Telesur, televisión de noticias por cable asentada en Caracas; á vez que se fala dun Banco Sudamericano e dunha grande escola latinoamericana de Medicina que formaría milleiros de médicos por ano, completamente gratuíta, financiada por Venezuela e atendida por académicos de Cuba.

Venezuela xestiona a súa incorporación ao Mercosur, que animan Brasil, Arxentina, Paraguai e Uruguai, onde Chile e Bolivia actúan como membros asociados, pero só se trata dunha unión aduaneira á que aínda lle falta para se converter en mercado común e se cadra chegar a ser máis tarde un sólido bloque político. Hoxe Paraguai aceptaría unha base militar de EEUU, nunha “alianza estratéxica” acordada polo presidente Nicanor Duarte co seu homólogo estadounidense. Até dezaseis

mil soldados poderían albergarse no aeroporto de Mariscal Estigarribia, no Chaco, a uns 250 quilómetros da raia con Bolivia, para controlar o espazo aéreo co pretexto de vixiar o tráfico de drogas. A pista ten 3.800 metros de longo por 80 de ancho, máis grande que as de Asunción e Bos Aires.

Pero tamén se ofreceron bases para operacións da CIA, o FBI e a DEA na Cidade do Este, Pedro Juan Cabaleiro e Salto de Guairá, cidades clave da “Triple Fronteira” con Brasil e Arxentina, considerada “zona crítica da rexión”. A xustificación deste virtual protectorado sería unha pretendida campaña contra o lavado de diñeiro para financiar o terrorismo e a piratería industrializada que falsifica marcas en prexuízo das corporacións transnacionais. O peor é que os estadounidenses, inicialmente uns 500 homes que invariabelmente cometerán delitos en Paraguai, gozarían de inmunidade fronte á xustiza local, como se fosen “diplomáticos”.

Venezuela iniciou esforzos por erguer un proxecto distinto á ALCA, denominado ALBA (Alternativa Bolivariana para as Américas), unha proposta de integración diferente á antiga e ineficaz ALCA (Asociación Latinoamericana de Libre Comercio), con maior énfase na loita contra a pobreza e a exclusión social das aldeas da rexión. Inspirado na idea de que “outra América é posíbel”, o proxecto conta coa adhesión de Cuba.

Chávez tamén propuxo establecer un “anel enerxético” ou rede de gasodutos. No entanto, sete países sudamericanos, entre os que non se atopa Venezuela, tratarán de asinar en Montevideo o 8 de decembro de 2005 os acordos básicos para a construción dun Gasoduto do Sur, outro “anel enerxético” no que participarán Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Paraguai, Perú e Uruguai. Máis alá da desconfianza recíproca entre Chile e Bolivia e a insatisfacción chilena polo pouco seguro fornecemento privado de gas arxentino, os sete países propoñen alcanzar “un acordo institucional” que permita interconectar gasodutos xa existentes e outros que se construírían, outorgándolle condicións de seguridade aos investidores e a un custo duns 3.000 millóns de dólares, onde o Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID) financiaría 2.000 millóns e o Banco Mundial (BM) 500 millóns.

A través de PetroCaribe, Venezuela achegara numerosos convenios enerxéticos bilaterais e multilaterais cos países da súa área de influencia natural de Centroamérica e o Caribe, a prezos vantaxosos e condicións de pagamento non usurarias. A Comunidade do Caribe (Caricom) é un proxecto de mercado común rexional con 15 Estados membros e outros 5 Estados, con status de membros asociados.

No lado oposto, Centroamérica perfeccionou un controvertido tratado de libre comercio con EEUU, o CAFTA, que comeza a operar en xaneiro de 2006. Alejandro Toledo fai esforzos directos con George Bush para un tratado andino, no que participarían Colombia, Ecuador e Perú, invocando que “Perú xogouse varios votos nas Nacións Unidas e outras entidades especializadas [a favor de Estados Unidos]”, segundo dixo o presidente do Consello de Ministros de Perú, Pedro Pablo Kuczynski. O primeiro ministro lembrou que Perú apoiou a Estados Unidos en temas “ás veces non sinxelos” como o das armas químicas e a enerxía nuclear.

Situación política

Podería dicirse que en América Latina existen varios polos de influencia política. México, atado a EEUU polo NAFTA, perdeu forza dende que goberna Vicente Fox por mor do seu excesivo apego ao goberno de Washington, aínda que este país non deixa de humillalos.

Brasil, baixo o goberno de Luis Inacio Lula Da Silva, disputa o liderado rexional, pero perdeu forza por numerosos episodios de corrupción.

Arxentina atópase en mellor posición dende os últimos resultados electorais favorábeis a Néstor Kirchner, quen de seguro continuará disputando o liderado brasileiro na subrexión sudamericana e no seo do Mercosur, concertando á vez alianzas enerxéticas con Venezuela, cuxo goberno declarou o seu “carácter antiimperialista” en maio de 2004.

Perú débátese baixo un goberno hipercorrupto, coa ameaza dun retorno do ex ditador legal Alberto Fujimori, mentres o presidente Alejandro Toledo non pode remontar as enquisas desfavorábeis e o seu Congreso aproba un novo límite marítimo que crea novos problemas con Chile.

En Bolivia hai incerteza política e érguese unha ameaza de baleiro de poder e desgovernabilidade ante a postergación das eleccións presidenciais previstas para o 4 de decembro (agora anunciadas para o 18 de decembro), onde o seguro gañador sería o líder esquerdista Evo Morales.

Uruguai avanza nun proceso de democratización liderado por Tabaré Vázquez, cun discurso progresista en política exterior que internamente debe conciliar coas forzas de oposición de dereita no parlamento.

O Paraguai de Nicanor Duarte propón introducir unha base militar estadounidense, en flagrante contradición cos obxectivos políticos que sustenta o Mercosur.

Colombia continua a súa guerra civil encuberta de medio século, cun goberno de Álvaro Uribe demasiado dócil ante EEUU, segundo os seus críticos internos. Os países do Caricom están a negociar diferenzas limítrofes marítimas con Venezuela pola soberanía sobre as Illa de Aves, que alterarían a territorialidade marítima, pero entremetres non teñen complexos ao beneficiar do seu petróleo a prezos máis vantaxosos que os do mercado internacional.

El Salvador é case unha colonia de EEUU que mantén tropas en Iraq baixo a presidencia dereitista de Elías Antonio Quita, mentres seguen perdendo as eleccións os esquerdistas que depuxeron as armas tras décadas de guerra interna.

O goberno de dereita de Enrique Bolaños en Nicaragua –onde o sandinismo podería gañar as próximas eleccións– tamén enviou tropas a Iraq, ao igual que Honduras, pero o seu presidente Ricardo Maduro ordenou o seu regreso en 2004.

Baixo o anterior goberno de Hipólito Mejía, a República Dominicana uniuse aos soldados de EEUU en Iraq, pero este mesmo presidente botou marcha atrás e ordenou a retirada. A retransa é que Nicaragua e a República Dominicana enviaron

tropas para unha invasión imperial, esquecendo que foron ocupadas por forzas de EEUU durante a primeira metade do século XX. Dende 2004, a República Dominicana ten un goberno progresista, encabezado por Leonel Fernández, quen gobernou tamén en 1996-2000 e sustenta unha política internacional relativamente independente de Washington, aínda que forma parte do tratado de libre comercio de EEUU con Centroamérica, o cal entra en vigor en 2006.

Guatemala, que foi golpeada pola CIA en 1953, cando derrocou ao ex militar Jacobo Arbenz por iniciar unha reforma agraria que afectou á United Fruit Company, e que tamén superou a etapa de guerra interna de campesiños e indíxenas pobres contra ricos fidalgos brancos nos 70 e 80, case non ten voz internacional baixo o goberno dereitista moderado de Oscar Berger, atarefado en negociar un mellor status para que os emigrantes guatemaltecos poidan incrementar as súas remesas dende de 2.500 a 3.000 millóns de dólares anuais, por se tratar do principal ingreso de divisas do país.

En Panamá, onde Mireya Moscoso indultou ao grupo terrorista de Posada Carriles antes de deixar a presidencia, goberna Martín Torrijos Espino, fillo de Omar Torrijos Ferreira, o home que recuperou o Canal e morreu en 1981, nun turbio accidente aéreo atribuído ao ex axente da CIA Manuel Antonio Noriega Moreno, quen gobernou ese país como ditador e que se acha preso en EEUU baixo cargos de narcotráfico dende que foi capturado na invasión ordenada polo seu ex xefe, George W. Bush pai, en decembro de 1989. Panamá é un país que foi desgaxado de Colombia en 1903 para construír o Canal, cunha poboación 70% mestiza, 12% mulata, 8% indíxena e 10% branca. O presidente Torrijos sustenta unha política exterior independente que restabeleceu as relacións con Cuba, trala ruptura realizada por Moscoso.

Neste panorama variado de correlación de forzas produciuse a “rebelión” que deu ao traste cos sucesivos candidatos de EEUU á secretaría xeral da OEA (o ex presidente salvadoreño Francisco Flores Pérez e o ex chanceler mexicano Ernesto Derbez) para colocar no posto ao chileno José Miguel Insulza, co decisivo voto favorable dos países Caricom. Pero esta foi unha alianza pragmática, en grande parte patrocinada por Venezuela, que levou certa dignidade á OEA, sen que significara –necesariamente– “unha emerxencia internacional da rexión latinoamericana” nin unha definición como bloque ideolóxico. Pero foi un aceno de rebeldía e un avance importante porque se lle crebou a man a EEUU e, malia todo, avánzase na rexión. Pero aínda falta percorrer un bo treito para unha real “emerxencia internacional da rexión latinoamericana” como un só bloque político homoxéneo.

O bloque progresista está no Sur, con Venezuela, Arxentina, Uruguai, Brasil e Bolivia, sexa cal for o goberno que xurda das próximas eleccións, xa que neses países percíbese un incríbel ascenso dos sectores populares urbanos, campesiños e indíxenas. Eventualmente podería engadirse Chile, pero non co goberno de Ricardo Lagos, proclive a Estados Unidos e o primeiro en enviar tropas a Haití, hoxe a cargo de Ludovico Eduardo Aldunate Hermann, un xeneral que “traballou” nos servizos de intelixencia criados por Augusto Pinochet para exterminar a cidadáns disidentes.

Así como a rexión enteira non ten homoxeneidade política, tampouco a posúe este bloque progresista, que presenta varios matices na intensidade da súa postura crítica do imperio e do poder económico global. Por exemplo, Arxentina sufriu os embates do Fondo Monetario Internacional trala súa crise de 2002-2003 dunha maneira distinta ao resto dos países, moito máis dura. Hoxe tampouco existen partidos internacionais, salvo a social democracia e o social cristianismo. No interior de cada país compiten forzas políticas variadas, de diverso signo.

A República Dominicana e Panamá poderían adherirse á corrente máis progresista sudamericana. E, dende logo, Cuba, que non pertence á OEA hai xa máis de 40 anos. Tamén México podería mudar de política se o próximo presidente é Andrés López Obrador do PRD, ou mesmo un home do vello PRI, reaccionario no interno pero progresista en política exterior e máis ou menos digno fronte a EEUU.

Costa Rica non pesa moito dende o “*bochornoso*” episodio do anterior secretario xeral da OEA, Miguel Ángel Rodríguez, quen tivo que renunciar ao cargo para afrontar un xuízo por corrupción que o levou ao cárcere no seu país. Hoxe en día, a corrupción é tamén un “leitmotiv” da política, se cadra con tanta gravitación como a sideoloxías. E isto non ocorre tan só en América Latina.

O resto dos países observará cara onde se inclina a balanza das influencias subrexionais, ademais dunha certa avidez común polo petróleo barato. Tampouco pode descartarse que na mente de Bush e dos seus asesores naza algunha eventual barbaridade para a rexión e se precipiten acontecementos inéditos. Para sorte deste lado do mundo, a súa preocupación estivo centrada noutras latitudes do planeta, cuestión que favoreceu a súa perda de “liderado” nesta parte do mundo. E, dalgún xeito, a sorte está botada. A tutela estadounidense está en decadencia.

A fame e a pobreza avanza

Todo isto ocorre mentres aumentan a fame e a pobreza, á vez que as organizacións de países amosan incapacidade en resolver ou paliar os problemas reais do mundo máis pobre. A OEA, ao igual que as Nacións Unidas, ten a súa sede en EEUU e depende do financiamento de Washington. Coa excepción de Venezuela e Cuba, a rexión tampouco ten vontade política para cumprir cos modestos Obxectivos do Milenio, acordados hai cinco anos para reducir a fame e a pobreza a nivel planetario.

No 2000 falouse de chegar ao 2015 reducindo á metade os 842 millóns de famentos de todo o planeta; ao ritmo actual esa meta modesta lograríase no ano 2215. No 2000 proclamouse lograr en 2015 o ensino primario universal; ao ritmo actual, esa meta acadaríase despois do ano 2100.

Un terzo de América Latina padece fame. Hai 17 millóns de nenos desnutridos, segundo Pedro Medrano, director rexional do Programa Mundial de Alimentos (PMA) da ONU. O custo da fame e a malnutrición en América Latina anda entre o 5% e o 10% do Produto Interno Bruto (PIB), ou sexa, arredor duns 70.000 millóns

de dólares ao ano. Trátase dun custo económico que se expresa en menos oportunidades de educación, de saúde, de emprego e de seguridade social.

Os gobernos invisten uns 5.000 millóns de dólares en programas alimentarios e nutricionais. Segundo Medrano, con 3.000 millóns máis poderíase resolver o problema da fame e a desnutrición, a mesma cifra recibida en cinco anos polo “Plan Colombia” para combater o narcotráfico ou o mesmo que os líderes do G8 lle asignaron a Palestina.

Os países máis golpeados pola desnutrición son Guatemala, cun 50% e até o 80% nalgúns zonas; Honduras, cun 30%, El Salvador, cun 20%; e Nicaragua, cun 25%. Os países máis famentos teñen gobernos máis reaccionarios. En realidade, está a xurdir unha brutal mutación dun ser humano famento e sen instrución, embrutecido pola necesidade e habilitado para votar a favor das elites políticas.

Segundo Medrano, “o máis grave é que os investimentos que se fan hoxe en día en materia de educación, de emprego e de saúde, todos eses investimentos non van poder ser ben aproveitadas porque están a tratar xa cun terzo da poboación que está na media do nivel rexional, desnutrida; estamos a ver que ese investimento non se vai aproveitar; noutras palabras, é un mal gasto”. América Latina non pode esperar máis.

Ernesto Carmona é xornalista e escritor chileno.